

PROCEDEMENTO DE XESTION DA PRODUCCIÓN CIENTÍFICA DESTINADA AOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN. ANO 2020

Dentro do Regulamento de funcionamento do catálogo de investigadores e grupos de investigación da Universidade de Santiago de Compostela, establécese que unha porcentaxe da Axuda á Producción Científica xestionada pola Vicerreitoría de Investigación sexa destinada directamente aos grupos de investigación en función da produción científica acreditada de acordo aos criterios de baremación establecidos, así como polos recursos acadados por todos os membros do grupo.

A Vicerreitoría aproba a asignación da Axuda á Producción Científica correspondente ao exercicio 2020 en base aos **novos criterios de valoración da produción científica aprobados no Consello de Goberno celebrado o pasado 22 de maio de 2020** (https://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/4879_gl.pdf) e tomando en consideración o seguinte:

- Acordase valorar os méritos da Producción correspondentes ao ano 2018 e 2019, tomando como puntuación a media resultante destes dous anos. Esta información foi obtida de maneira automática a partires das bases de datos da Vicerreitoría e das bases de datos internacionais de publicacións científicas. É importante salientar que, debido á modificación nos criterios de valoración, os puntos acadados nesta valoración non ten por que ser comparables cos anos anteriores.
- Para o cálculo do reparto ter en conta a produción científica de aqueles PDI cunha puntuación media 2018-2019 maior que 10.
- Non financiar aos Grupos con financiamento previsto no exercicio 2020 procedente do Programa de Consolidación da Xunta de Galicia

PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DA AXUDA.

O financiamento dos Grupos que como consecuencia da súa produción científica perciban axuda en 2020 será ingresado na partidas xenérica dos Departamento ou Centro ao que pertenza o coordinador. Para facer uso destes fondos o máis conveniente é utilizar as "contas internas" de SICUS, de maneira que se podan controlar de xeito independente por cada grupo. O director do "centro de gasto" continuará a ser o director do Departamento/Instituto, aínda que os fondos estean asignados ao coordinador de cada grupo de xeito que, aínda que as propostas de gasto partan de cada coordinador, quen debe asinar formalmente os documentos de gasto será o director do Departamento ou Instituto Universitario.

Vicente Pérez Muñuzuri

Vicerreitor de Investigación e Innovación